

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez**, **Eva Solla Fernández** e **Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Plenario**, relativa ao impago das becas das accións formativas para persoas traballadoras no paro.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia ten a dubidosa honra de ter desmantelado as políticas activas de emprego ao reducir nun 51% a contía nominal dos recursos empregados (de case 421 a 205 millóns de euros), nun descenso real do 70% dos recursos empregados. A Xunta con esta política de desmantelamento dos programas de promoción do emprego amosa a súa peor faciana de clase, ao servizo dos patróns, banqueiros e demais especuladores.

A orde do 28 de maio de 2015 da Consellaría de Traballo e Benestar, DOG do 05/06/2015, estableceu as bases reguladoras procedendo á convocatoria pública de subvencións para a concesión de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego. Orde que estableceu as seguintes becas:

- Bolsa de asistencia: 9 euros por día de asistencia para o alumnado con discapacidade ou para aquelas persoas demandantes que participen nunha acción formativa vinculada a un itinerario personalizado de inserción (IPI).
- Axuda de transporte público urbano: 1,5 euros por día de asistencia.
- Axuda de transporte público interurbano: 5 euros por día de asistencia.
- Axuda de transporte en vehículo propio: 0,10 euros por quilómetro cun máximo de 20 euros diarios.
- Axuda de manutención: máximo de 12 euros diarios

- Axuda de aloxamento e manutención: a contía será o importe do IPREM fixado para o 2015
 - Axudas á conciliación: a contía será o 75% importe do IPREM
- Axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero: 10 euros por día de asistencia.

A este grupo cónstalle que na provincia de Pontevedra están en marcha 173 accións formativas con 15 alumnos e alumnas en cada un deles. Polo tanto, arredor de 2.595 traballadoras e traballadores no paro están inmersos nestes cursos e deberían estar percibindo algunha ou varias destas becas logo de presentar as súas solicitudes e documentación xustificativa; becas que, en moitos casos, ascenderán a máis de 300 euros mensuais e que sirven a un colectivo en especiais dificultades económicas.

Extrapolando os datos de Pontevedra ás outras provincias estamos a falar dunha problemática que afecta a uns 450 cursos e máis de 9.000 traballadores e traballadoras.

A consellaría de economía ao traverso das xefaturas territoriais ou a dirección xeral de emprego e formación son os responsables da ordenación e instrución do procedemento de concesión e pago das becas. A día de hoxe, as persoas participantes nestas accións formativas non percibiron o importe das becas que lles puidesen corresponder, co que a maioría acumula catro meses de retraso nas becas devengadas.

As demandas das persoas afectadas atopan só a calada por resposta, cunha previsión de que os abonos non se farán antes de rematado novembro. Ese silencio e ese retraso traduce en feitos concretos a indiferenza de clase dun goberno inimigo da clase traballadora.

Polo referido o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate Plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a aboar, con carácter de urxencia, as bolsas e axudas ás persoas traballadoras en paro que participan en accións formativas.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a dar explicacións por este retraso e a depurar as responsabilidades políticas por tal motivo.
- O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a modificar, para reduci-lo, nas sucesivas convocatorias o prazo máximo de abono destas bolsas e axudas.

En Compostela, a 11 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/11/2015 14:36:49

Eva Solla Fernández na data 11/11/2015 14:36:55

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 11/11/2015 14:37:00